



Xosé Luís Groveiro González, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)** neste Concello, presenta a seguinte **MOCIÓN** ante o Pleno da Corporación Municipal en relación cas **molestias ocasionadas por cheiros persistentes en diferentes puntos do Concello e a súa solución.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non por habitual ou repetida unha situación molesta deixa de ser seria ou mesmo grave. Os problemas de cheiros en Ribeira veñen de moi atrás no tempo sen que o Goberno do Concello dera solución. Veciños e veciñas da zona de Aguiño, Couso, Graña, así como do entorno do polígono industrial de Xarás, Outeiro (Artes) e mesmo o do centro urbano de Ribeira como o parque García Bayón ou o cruce de Rosalía de Castro con Xeneral Franco, sofren moi de preto este problema.

O mantemento e/ou mellora da rede de sumidoiros é competencia municipal. Tamén o é o control dos vertidos e emisións que producen as empresas que operan no ámbito do concello. O Goberno Municipal conta tamén cun Regulamento de Vertidos que, xunto ca lexislación vixente aplicable, é a principal baza para poñer remedio a esta situación que, por outra parte, este Goberno coñece moi ben tanto polas queixas veciñais como por anteriores demandas do BNG e mesmo por informes dos propios técnicos municipais.

No BNG sabemos da complexidade do problema e das dificultades que conleva a súa solución, pero isto é razón para abordalo seriamente e non para mirar a outro lado.

Pensamos que as causas dos cheiros poden ser diversas e polo tanto tamén o serán as solucións: malas prácticas empresariais que deben ser corrixidas no marco legal vixente, vertidos ilegais que deben ser suprimidos e/ou mesmo defectos estruturais ou de funcionamento da actual rede de sumidoiros que, no seu caso, requirirán medidas correctoras puntuais.

O Goberno Municipal, no cumprimento das súas responsabilidades e obrigas debe actuar con firmeza e decisión para poñer fin a esta situación que tantas molestias provoca á cidadanía e mesmo á imaxe desta cidade.

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA



Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG presenta a seguinte

MOCIÓN:

- 1.- O Goberno Municipal levará a cabo as determinación precisas para localizar a orixe exacta dos cheiros ocasionados na zona de Xarás, Outeiro (Artes) e arredores así como na zona de Couso e Graña (Aguíño) e propoñerá aos causantes as medidas correctoras pertinentes para a supresión ou minimización das molestias ocasionadas nos seus contornos.
- 2.- O Goberno Municipal realizará un estudo técnico da situación da rede de sumidoiros na zona de Rosalía Castro con Xeneral Franco así como na do Parque García Bayón- Pza. da Concordia para determinar as causas dos cheiros. Este estudo incluírá as medidas correctoras que se propoñen para minimizar as molestias existentes.

Ribeira, 19 de outubro de 2007

Asdo.: Xosé Luís Groveiro González